


*"Xa punto ao meu lar non miro
a ningún por quen chamar :
ti serás o meu retiro,
mar por quen triste suspiro,
mar da Lanzada. ¡Meu mar!"
Luis Rodríguez Seoane*

VII CERTAME DE POESÍA XOSÉ A. BARRAL

BASES

1. Destinado ao alumnado que estea cursando ESO ou Bacharelato no curso 2012/2013.
2. Establécense dúas categorías: ESO e Bacharelato.
3. Os poemas son de temática libre, sendo obrigatorio presentalos en lingua galega.
4. Os textos teñen que ser orixinais, inéditos e non ter sido premiados en ningún outro concurso.
5. Só se pode presentar un poema por persoa, cunha extensión mínima de 20 versos e máxima de 25.
6. Xunto co poema figurará o título e un lema ou pseudónimo, ademais da categoría na que participa. Nun sobre pechado introducíranse os datos do/a autor/a : nome, apelidos, enderezo, nº de teléfono, enderezo electrónico e nome do centro onde estuda.
7. As obras faranse chegar por correo ordinario ou entregaranse en sobre pechado, sen remitente identificador á:
IES Plurilingüe As Bizocas (Biblioteca)
Rúa Balea s/n. CP.36988
San Vicente, O Grove (Pontevedra)
8. A data límite de recepción de orixinais é o 15 de Abril de 2013.
9. O xurado outorgará dous premios de 125 € e diploma para o poema gañador de cada categoría.
10. O xurado, cuxo fallo será inapelable, poderá declarar os premios desertos, concedelos ex aequo, ou establecer mencións de honra se así o considerase.
11. A decisión do xurado comunicárase ao gañador/a e anunciarase a través dos medios de comunicación e no blog bibliobizocas.blogspot.com
12. Os poemas gañadores serán musicados e estreados no festival "Música nas túas palabras", acto no que se entregarán os premios.
13. Os traballos premiados quedarán en propiedade do IES As Bizocas para a súa publicación, e os restantes serán destruídos.
14. A participación nesta convocatoria implica a aceptación de todas e cada unha das normas contidas nas bases.



Dpto. Música
Biblioteca
Dpto. Galego



En colaboración con:

